



NOVAS NADAL MESÍA



INFORMACIÓN DETALLADA DO NOSO NADAL 2022 NA WEB E NO FACEBOOK

- É obrigatorio anotarse a todas as **actividades** para estimar asistencias, aínda que sexan gratuítas. Chamando por teléfono á Casa da Cultura: 981 687241.
- Consultade informacións actualizadas na páxina www.concellodemesia.gal ou no facebook *ConcellodeMesía*.

CAMPAMENTO CONCILIA NO NADAL



Datas: Do 23 de decembro a 5 de xaneiro.

Horario: 09:00 a 14:00 h.

Prezo: Gratuíto.

Idades: Haberá **GRUPOS** por idades de 3 a 12 (de nenos escolarizados ata 6º Primaria).

Caract. actividade:

Faranse obradoiros culturais, cociña, xogos nadal, bailes, disfraces, contacontos, etc.

Prazas: Limitadas. Ocuparanse por rigorosa orde de inscrición (ficha na web). Preferencia empadroad@s.

INSCRICIÓN: ata o 19 de decembro.

Enviar a casadacultura@concellodemesia.gal.

Máis información teléfono: 699 453 750.

TALLERES

COCIÑA DE NADAL

Datas: Venres 16 (16:30 a 18:30).
Sábado 17 (10:30 a 12:30).

Idades: A partir de 16 anos.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Prezo: 10€/día.

Inscricións: Ata a tarde do 14 de decembro por teléfono na Casa da Cultura 981687241.

Prazas: Limitadas.

AGASALLOS DE NADAL

Data: Xoves 22 de decembro.

Horario: 11:00 - 13:00 h.

Idades: Adultos

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda

Prezo: 10€

Inscricións: Casa da Cultura ata o 19 de decembro.

Imparte: Electra (Pedras de Papel)

Prazas: Limitadas (máx.12)

NADAL NOS COLES

22 de decembro

O paxe real visitará os centros educativos do Concello de Mesía dende o CPI de Xanceda ata o PAI, pasando polas unitarias de Olas e Visantoña, recollerá as cartas e deixará caramelos.

Dende o concello tamén programamos actuacións teatrais para os centros:

- **CPI de Xanceda:** " Bon Appetit" de Teatro Ghazafellos, ás 15:00h.
- **EEI Olas e EEI Visantoña:** "Teatro Ghazafellos. "A máquina do tempo"11:30h.
- **PAI:** Música e poesía "Baixo as árbores" con María Faltri.11:30h.

SAÍDAS

XUENLUGO

Día: 27 de decembro

Lugar: Saída da Casa da Cultura 15:00 e chegada 21:30.

Caract.: Imos ao parque de atraccións de feira cuberto en Lugo.

Idades: Para todas as idades, pero os menores de 12 anos deben ir acompañados dun adulto.

Inscricións: Ata o 22 de decembro.

PREZO: 8 €

PATÍN XEO E CINE

Día: 3 de xaneiro

Lugar: Saída da Casa da Cultura 10:30 e volta a partir das 18:00, (depende do cine).

Caract.: Pista de xeo en Perillo ás 11:30 (os que non vaian patinar irán para o Marineda) e cine tras a comida. Importante traer guantes e roupa de recambio quen patine.

Idades: Para todas as idades, pero os menores de 16 anos deben ir acompañados dun adulto. Mozos/as de 16 anos que non vaian patinar nin ao cine (que non sexan acompañantes) non terán preferencia, só irán se hai prazas libres e pagarán 4€

Inscricións: Ata o 30 de decembro.

PREZO: Patinaxe 5 €, Cine 5 €, Autobús 4€.

XUVENTUDE

ESCAPE ROOM E BOLERA

Día: 30 de decembro

Lugar: Saída da Casa da Cultura 10:30 a Marineda City, e volta a partir das 18:00, depende da bolera (opcional).

Caract.: Escape Room pola mañá, tempo libre, comida e pola tarde bolera (opcional) de non haber un mínimo para a bolera voltaremos despois de comer.

Idades: a partir de 12 anos, prazas limitadas.(min 20 e max 30) non precisan acompañante.

Inscripcións: Ata o 21 de decembro.

Prezo: Escape room 15€ (con bolera 20€)

CAMPAÑA NEVE 2023 DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Caract. actividade:

Saída á neve coa Deputación da Coruña con estancia e manutención en aloxamentos a pé de pista.

O prezo inclúe: transporte, estadía na estación invernal de **Valgrande-Pajares** (Asturias), clases de esquí, monitores, seguro, etc.

Nº de prazas: 4

Destinatarios: nenos e nenas de 11 a 15 anos, inclusive.

INSCRIPCIÓNS: dende o 1 ata o 16 decembro no concello.

AVISOS

“TEMPO CONECTADOS” XANCEDA

O curso de teléfonos móbiles e tablets seguirá a súa andaina en Xanceda. Se estades interesados en facelo tedes que anotarvos na Casa da Cultura. Informarase da data e hora na que se vai realizar. En caso de xuntar xente podería realizarse noutra parroquia.

Aínda que está dirixido a maiores, pode acudir calquera persoa con poucos coñecementos de internet e do seu uso. Trátase de formación básica e práctica.

TERMALISMO SOCIAL DO INSERSO

Para: Pensionistas da seguridade social (xubilación e incapacidade), viudedade a partir de 55 anos e outras pensións a partir de 60 anos de idade. Ser asegurado da seguridade social con 65 anos ou mais.

Prazo: ata o 9 de xaneiro, se queres ir nas quendas de febreiro ata agosto. Se prefires de setembro ata decembro, podedes solicitar ata o 15 de maio de 2023.

Inscripción e máis información: servizos sociais 981687238 (mellor pedir cita)

AVISOS

CURSO DE AUTODEFENSA PARA MULLERES

Día: 23 e 25 de xaneiro

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Horario: 9:30h a 13:30 h.

Caract.: Curso monitorado por especialistas da federación Galega de Loita e pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Inscripcións: Na Casa da Cultura.

PREZO: Gratuito (é necesario inscribirse).

COIDADOS PORTA A PORTA

O trailer dos coidados porta a porta volve a Mesía os días 18,19,20,23 de xaneiro. Estará situado na praza do concello.

Podedes anotarvos para: estimulación da memoria, podoloxía e audioloxía

Información e cita previa:

622 748 283/ 623 546 992

FESTA DE REIS



Día: 5 de xaneiro

Lugar: Pendente de confirmar, informaremos do lugar a través do noso facebook: *ConcellodeMesía*.

Horario: 16:00 - 19:00 h.

Caract.: Haberá inflables e talleres de manualidades e agasallos que traeran os reis para nenos/as ata 12 anos.

Idades: Para todas as idades.

Inscripcións: Ata o 30 de decembro

PREZO: Gratuito (é necesario inscribirse).

O alcalde, toda a corporación do Concello de Mesía e os/as traballadores/as municipais deséxanlles Bo Nadal e un Feliz Aninovo 2023!



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
MESÍA